



PLAN DE CONTINXENCIA DO IES FRANCISCO AGUIAR

O Plan de Continxencia do IES Francisco Aguiar ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro

1. ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN GROMO

1.1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

1.2. Diante dunha persoa que desenvolva síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o protocolo de actuación do centro previamente elaborado:

Colocaráselle unha máscara cirúrxica, levaráse á sala de Covid destinada ao efecto ata a recollida por parte da familia. Estadisporá de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleiracon tapa de pedal. Será necesario contactar coa persoaresponsable do manexo da Covid-19 no centro educativo e cosfamiliares ou titores legais.

A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado:

- máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva.
- De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificacón médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable.
- Na eventualidade de que non houbese dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla. Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada. A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo. O centro contará cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.

1.3. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

1.4. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19, a petición dos servizos de saúde através de EduCOVID, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.

1.5. A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houbese cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.



1.6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.

1.7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

1.8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade supostos previstos no *Plan de Adaptación á situación COVID no curso 2020-2021*.

1.9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.

1.10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

2. ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

2.1. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

2.2. O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

2.3. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

2.4. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

- a) Manter o contacto permanente co alumnado e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia.
- b) Actualizar a aula virtual dos niveis afectados para garantir a continuidade no proceso de ensino aprendizaxe.
- c) Realizar tarefas de desinfección profundas no centro.
- d) Revisar o protocolo para modificar os aspectos que se estimen necesarios.
- e) Coordinar co profesorado implicado as quendas de organización das fases.



3. MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase unha planificación do retorno a actividade presencial.

Fase % alumnado asistente	Duración	Obxectivos
FASE 1 Adecuación dos espazos	1 semana	<ul style="list-style-type: none"> • Análise da situación dos espazos e as súas necesidades. • Desinfección de todos os espazos. • Revisión do plan de adaptación e modificación dos aspectos necesarios
FASE 2 Formación de pequenos grupos	1 semana	<ul style="list-style-type: none"> • Formar ao alumnado nas rutinas de hixiene, distanciamento físico e uso correcto da máscara . • Combinar o ensino presencial e telemático. • Revisión das actividades realizadas a distancia. • Avaliación da etapa.
FASE 3 Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos	3 xornadas lectivas	<ul style="list-style-type: none"> • Comprobar a adquisición das medidas adquiridas en pequeno grupo • Combinar o ensino presencial e telemático • Resolver dúbidas e comprobar o adquirido telematicamente.
FASE 4 Fase de reactivación	2 xornadas lectivas	<ul style="list-style-type: none"> • Avaliar o desenvolvemento das fases. • Comprobar o grao de adquisición do traballado. • Volver ás clases presenciais sen abandonar o emprego do traballo virtual para as tarefas e para complementar as aprendizaxes na casa.

Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas consellerías de Educación e Sanidade o centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación:

4. HORARIO ESPELLO PARA ENSINANZA NON PRESENCIAL

Segundo a instrución publicada o luns 2 de novembro de 2020, este horario lectivo de ensino virtual debe:

- Ser **semellante ao que se está desenvolvendo** na actualidade en réxime de presencialidade,
- Respetar un **mínimo do 60% da carga lectiva** de cada materia ou módulo e
- **Ter en conta o esforzo** que vai a supoñer para o alumnado e o profesorado o seguimento da actividade a través de medios telemáticas.

Ademais debe:

- Garantir que o proceso e momento de **conexión**, que debe ser **coa antelación suficiente para o aproveitamento do período lectivo** establecido no referido cadro horario e
- **Respetar os tempos de lecer** do alumnado.

A nosa **proposta de horario espello** para ESO e Bacharelato é, sen dúbida, **manter os horarios presenciais impartindo virtualmente os 30 primeiros minutos de cada sesión.**



Deste xeito, ademais de cumprir todo o requirido pola administración, esta proposta permitiría:

- Manter a rutina diaria do ensino presencial facilitando á adaptación á nova dinámica de traballo a alumnado e profesorado.
- Manter o ritmo de traballo de xeito máis homoxéneo e levadeiro ao longo de toda a xornada lectiva.
- Dar tempo suficiente para conectarse a cada clase e/ou poder solucionar posibles problemas de conexión.
- Dar a posibilidade de que o alumnado practique ou revise o explicado antes da seguinte sesión que permitirá afianzar, podendo estar á súa disposición en caso de ter dúbidas. Deste xeito, ademais se cumpre con es 40% de tarefas a realizar polo alumnado e se axuda a non prolongar a súa xornada.
- Conseguir a atención do alumnado en sesións curtas e non longas, que sabemos, perden efectividade. A experiencia dos compañeiros que impartimos clases virtuais no período de confinamento así o confirma. Pensemos senón nas nosas actividades de formación, cando somos nós os que recibimos a docencia durante 3 horas...
- Dispor dun tempo de transición dunha clase a outra por parte do profesorado para a súa preparación (documentos a compartir...)
- Evitar ter horarios con franxas horarias distintas para cada grupo, algo nada operativo de cara á organización do profesorado para a preparación das clases.
- Ter a posibilidade de poñelo en práctica no caso de confinar a un grupo de clase.

ESO e 1º BACHARELATO

Polo tanto o alumnado de ESO e 1º de Bacharelato seguirá o mesmo horario que na ensinanza presencial sendo citados a cada clase por videoconferencia Webex. A docencia lectiva será de 30 minutos por período. Para o resto da sesión propóranse tarefas para as que o profesorado poderá estar dispoñible para a resolución de dúbidas. En todo caso, esa dispoñibilidade rematará 5 minutos antes da seguinte clase para ter tempo suficiente para conectarse á seguinte videoconferencia.

As materias que teñan 2 sesións seguidas poderán optar por impartir 60 minutos de docencia directa e deixar os 40 restantes para a realización de tarefas. Isto concretarase coa publicación dos horarios en caso de confinamento.



2º BACHARELATO

No caso de 2º de Bacharelato, poderase superar ese 60% por período (os 30 minutos). Deste xeito, procederase como na ESO e 1º BAC, agás nas sesións indicadas nos horarios que se achegan:

(As sesións de 45 minutos rematarán 5 minutos antes da seguinte clase para ter tempo suficiente para conectarse á seguinte videoconferencia)

HORARIO ESPELLO – ENSINO NON PRESENCIAL 2º BAC A

	Lunes	Martes	Mércoles	Xoves	Venres
08:45 a 09:35	Inglés	Física Química	Análise IC Textos Relixión Mét. Estatísticos	Lingua Castelá	Lingua Galega 45'
09:35 a 10:25	Física Química	Inglés	Lingua Castelá	Lingua Galega 45'	Bioloxía Deb. Técnico
10:25 a 11:15	Xeoloxía Química Tecn. Industrial	Xeoloxía Química Mét. Estatísticos	Hª España 45'	Xeoloxía Química Tecn. Industrial	Xeoloxía Química Tecn. Industrial
Recreo					
11:45-12:35 5	Matemáticas 45'	Lingua Castelá	Francés Psicoloxía TIC	Francés Psicoloxía TIC	Física Química
12:35 a 13:25	Bioloxía Deb. Técnico	Francés Psicoloxía TIC	Matemáticas 45'	Física Química	Hª España
13:25 a 14:15	Hª España	Bioloxía Deb. Técnico	Inglés	Bioloxía Deb. Técnico	Matemáticas 45'
16:20 a 17:10		Lingua Galega			
17:10 a 18:00		Matemáticas			



HORARIO ESPELLO – ENSINO NON PRESENCIAL
2º BAC B

	Lunes	Martes	Mércoles	Xoves	Venres
08:45 a 09:35	Matemáticas 45' Mat Aplicadas	Química Eco. Empresa	Análise IC Textos Relixión Mét. Estatísticos	Lingua Galega	Inglés
09:35 a 10:25	Química Eco. Empresa	Lingua Galega	Hª Arte CCTT	Hª Arte CCTT	Bioloxía Hª Filosofía
10:25 a 11:15	Lingua Castelá	Hª Arte CCTT	Matemáticas 45' Mat Aplicadas	Matemáticas 45' Mat Aplicadas	Hª España
Recreo					
11:45-12:35	Hª Arte CCTT	Inglés	Francés Psicoloxía	Francés Psicoloxía	Química Eco. Empresa
12:35 a 13:25	Bioloxía Hª Filosofía	Francés Psicoloxía	Lingua Galega	Química Eco. Empresa	Matemáticas Mat Aplicadas
13:25 a 14:15	Hª España	Bioloxía Hª Filosofía	Inglés	Bioloxía Hª Filosofía	Lingua Castelá
16:20 a 17:10		Hª España			
17:10 a 18:00		Lingua Castelá			

2º BAC C

	Lunes	Martes	Mércoles	Xoves	Venres
08:45 a 09:35	Eco. Empresa Grego	Hª Filosofía	Hª Filosofía	Inglés	Inglés
09:35 a 10:25	Mat. Aplicadas Latín	Inglés	Hª Arte Xeografía	Hª Arte Xeografía	Lingua Galega 45'
10:25 a 11:15	Hª Filosofía	Hª Arte Xeografía	Análise IC Textos Relixión	Mat. Aplicadas Latín	Eco. Empresa Grego
Recreo					
11:45-12:35	Hª Arte Xeografía	Hª España 45'	Francés Psicoloxía TIC	Francés Psicoloxía TIC	Hª Filosofía
12:35 a 13:25	Hª España	Francés Psicoloxía TIC	Lingua Galega 45'	Hª España	Lingua Castelá
13:25 a 14:15	Lingua Castelá	Mat. Aplicadas Latín	Eco. Empresa Grego	Eco. Empresa Grego	Mat. Aplicadas Latín
16:20 a 17:10		Lingua Castelá			
17:10 a 18:00		Lingua Galega			



CICLO SUPERIOR DE XESTIÓN DE VENDAS E ESPAZOS COMERCIAIS

Ciclo Superior de Xestión de Ventas e Espazos Comerciais, dada a distribución en módulos, seguirase o horario presencial e haberá períodos máis longos de tempo de conexión, sempre respectando o 60% de conexión.

NOTAS ACLARATORIAS:

1. Na elaboración do horario espello tivéronse en conta as sesións continuas que ten cada profesor, para evitar conexións e desconexións sen sentido.
2. No caso das sesións que no horario orixinal teñen o recreo entrambas, alongouse a presencialidade ata as 11:25 e o recreo quedaría de 11:25 a 11:55.



Horario do grupo: 1 CSCOM03_XESVENT-A

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
08:45 - 09:35	8:45 – 9:45 (MP1010)Investigación comercial	8:45 – 9:45 (MP0930)Políticas de márketing	8:45 – 9:45 (MP0933)Formación e orientación laboral	9:05 – 9:35 (MP0933)Formación e orientación laboral	8:45 – 9:45 (MP0179)Inglés
09:35 - 10:25	(MP1010)Investigación comercial	(MP0930)Políticas de márketing	(MP0933)Formación e orientación laboral	9:35 – 10:35 (MP0931)Márketing dixital	(MP0179)Inglés
10:25 - 11:15	10:25 – 11:25 (MP0179)Inglés	10:25 – 11:25 (MP0623)Xestión económica e financeira da empresa	10:25 – 11:25 (MP0623)Xestión económica e financeira da empresa	(MP0931)Márketing dixital	10:25 – 11:25 (MP0623)Xestión económica e financeira da empresa
11:45 - 12:35	(MP0179)Inglés	(MP0623)Xestión económica e financeira da empresa	(MP0623)Xestión económica e financeira da empresa	11:45 – 12:45 (MP0179)Inglés	(MP0623)Xestión económica e financeira da empresa
12:35 - 13:25	12:35 – 13:05 (MP0623)Xestión económica e financeira da empresa	12:35 – 13:35 (MP0931)Márketing dixital	12:35 – 13:35 (MP0930)Políticas de márketing	(MP0179)Inglés	12:35 – 13:35 (MP0930)Políticas de márketing
13:25 - 14:15	13:25 – 13:55 (MP0930)Políticas de márketing	(MP0931)Márketing dixital	(MP0930)Políticas de márketing	13:25 – 13:55 (MP1010)Investigación comercial	(MP0930)Políticas de márketing
16:00 - 16:50	16:00 – 17:30 (MP0931)Márketing dixital	16:35 – 17:35 (MP1010)Investigación comercial			
16:50 - 17:40	(MP0931)Márketing dixital	(MP1010)Investigación comercial			
17:40 - 18:30	(MP0931)Márketing dixital	17:40 – 18:10 (MP0933)Formación e orientación laboral			

Profesorado do grupo

Titor	Abelairas Sarceda, Emilia
(MP0179)Inglés	Couto Sánchez, Jaime
(MP0623)Xestión económica e financeira da empresa	Silvar Formoso, Manuel
(MP0930)Políticas de márketing	Abelairas Sarceda, Emilia
(MP0931)Márketing dixital	Pardo Regueiro, María Jesús
(MP0933)Formación e orientación laboral	Pardo Regueiro, María Jesús
(MP1010)Investigación comercial	Abelairas Sarceda, Emilia



Horario do grupo: 2 CSCOM03_XESVENT-A

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
08:45 - 09:35	8:45 – 9:45 Loxística de aprovisionamento	9:05 – 9:35 Organización de equipos de vendas	10:25 – 11:25 Loxística de almacenamento	8:45 – 9:45 Xestión de produtos e promocións no punto de venda	8:45 – 9:45 Loxística de aprovisionamento
09:35 - 10:25	Loxística de aprovisionamento	9:35 – 10:05 Técnicas de venda e negociación	Loxística de almacenamento	Xestión de produtos e promocións no punto de venda	Loxística de aprovisionamento
10:25 - 11:15	10:25 – 11:25 Loxística de almacenamento	10:25 – 11:25 Loxística de almacenamento	10:25 – 11:25 Xestión de produtos e promocións no punto de venda	10:25 – 11:25 Escaparatismo e deseño de espazos comerciais	10:25 – 10:55 Escaparatismo e deseño de espazos comerciais
11:45 - 12:35	Loxística de almacenamento	Loxística de almacenamento	Xestión de produtos e promocións no punto de venda	Escaparatismo e deseño de espazos comerciais	11:45 – 12:15 Loxística de almacenamento
12:35 - 13:25	12:35 – 13:05 Xestión de produtos e promocións no punto de venda	12:35 – 13:35 Escaparatismo e deseño de espazos comerciais	12:55 – 13:25 Organización de equipos de vendas	12:55 – 13:25 Organización de equipos de vendas	12:55 – 13:25 Técnicas de venda e negociación
13:25 - 14:15	13:25 – 13:55 Escaparatismo e deseño de espazos comerciais	Escaparatismo e deseño de espazos comerciais	13:25 – 13:55 Técnicas de venda e negociación	13:25 – 13:55 Técnicas de venda e negociación	12:55 – 13:25 Organización de equipos de vendas
16:00 - 16:50	16:20 – 16:50 Organización de equipos de vendas	16:35 – 17:35 Loxística de aprovisionamento			
16:50 - 17:40	16:50 – 17:50 Técnicas de venda e negociación	Loxística de aprovisionamento			
17:40 - 18:30	Técnicas de venda e negociación	17:40 – 18:10 Xestión de produtos e promocións no punto de venda			

Profesorado do grupo

Titor	Pardo Regueiro, María Jesús
Escaparatismo e deseño de espazos comerciais	Martínez Souto, Rosalía
Loxística de almacenamento	Martínez Souto, Rosalía
Loxística de aprovisionamento	Pardo Regueiro, María Jesús
Organización de equipos de vendas	Silvar Formoso, Manuel